



## NOTA INFORMATIVA

### Recollida de información da Enquisa estrutural a fogares

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza este luns, día 15 de abril, o proceso de recollida de información en máis de 9.200 vivendas para a próxima edición anual da Enquisa estrutural a fogares, que finalizará no mes de xuño e cuxos resultados estarán listos en decembro.

Esta enquisa, de carácter oficial, está incluída na Lei do Plan galego de estatística 2022-2026 e estase a realizar desde o ano 1999. O seu obxectivo principal é o estudo das características socioeconómicas e as condicións de vida dos fogares galegos.

O traballo de campo consistirá na recollida de información sobre unha mostra aleatoria de 9.216 fogares repartidos por toda Galicia. Ás persoas entrevistadas realizarán selles preguntas relativas á idade, nivel de estudos, situación laboral, ingresos e gastos do fogar e privación material.

Ademais, este ano inclúense no cuestionario dous módulos específicos, un sobre ocio e hábitos culturais e outro sobre benestar desde a perspectiva do capital social.

#### Confidencialidade

As vivendas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará ás persoas interesadas a obriga que teñen de facilitar os datos, tal e como establece a Lei de estatística de Galicia, normativa que, por outra parte, garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE.

En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

---

#### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?>  
Información enquisas: 900 102 104  
FAX: 981 541 323  
Notas de prensa en: <http://www.ige.gal>  
Síguenos en Twitter: [http://twitter.com/!/IGE\\_Estatistica](http://twitter.com/!/IGE_Estatistica)  
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTATISTICA?sk=wall>